Lendo o mar



Ángel Blanco

"Algúns libros cómpre probalos; outros, engulilos; e uns poucos, mastigalos e dixerilos." Francis Bacon. En *Ditos sobre o libro e a lectura*. Escolma a cargo de Xavier Seoane.

Como moi ben explica Francis Bacon non todas as lecturas son iguais.

Algúns libros, as novelas, son capaces de mergullarte noutras vidas, épocas pasadas ou futuras, ou noutros mundos. Unhas veces son lecturas tranquilas e repousadas, outras son trepidantes e non dan descanso.

- *A chave da Atlántida*. As illas Cies son a chave para entrar no continente perdido da Atlántida. (enlace ao resumo do libro)
- *As viaxes fantásticas de Jules Verne.* Ningún autor mesturou con tanto acerto ciencia e literatura. Viaxa con esta lectura por algunhas das historias de Jules Verne. (enlace ao resumo do libro)
- *Volverás, golfiño*. A Costa da Morte é unha terra de lendas e naufraxios. (enlace ao resumo do libro)
- *A expedición do Pacífico*. Hai travesuras que poden traer consecuencias graves. Neste caso a posibilidade de participar nunha expedición científica ao redor do mundo. (enlace ao resumo do libro)
- *O home que plantaba árbores*. Fermosa historia na que un pastor demostra a relación entre todos os compoñentes da natureza. (Enlace ao resumo do libro)
- *A evolución de Calpurnia Tate.* Na actualidade ser muller e científica é cuestión de interese, Calpurnia non o tivo tan fácil. Nunha sociedade que educa as mulleres para casar, unha nena de doce anos con mentalidade científica non é o habitual. (enlace ao resumo do libro)
- *Venres ou a vida salvaxe.* A vida solitaria nunha illa debe ser desesperante, pero máis ou menos que acompañado? A chegada dun novo habitante rompe a soidade do náufrago e achega novos retos á supervivencia. (enlace ao resumo do libro)
- *A illa do tesouro.* Unha historia de bucaneiros e tesouros co mar como protagonista. (enlace ao resumo do libro)
- *Robinson Crusoe*. Un dos pesadelos de todo viaxeiro do mar é rematar naufragando nunha illa deserta. Nesta novela de Daniel Defoe atoparás unha desas historias de náufragos, Robinson Crusoe. (enlace ao resumo do libro)

"Levo corenta anos lendo e aínda descoñezo para que. O único que sei a ciencia certa é que, se houbera unha resposta, atoparíaa nun libro". Mihály Dés. En *Ditos sobre o libro e a lectura*. Escolma a cargo de Xavier Seoane.